

RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONVOCA o 1º CONCURSO PÚBLICO PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO ASOCIADO EN CIENCIAS DA SAÚDE. **FISIOTERAPIA**. CURSO 2026-2027.

A Universidade de Vigo resolveu convocar concurso público polo procedemento de urxencia para cubrir as necesidades docentes na área de Ciencias da Saúde, ao abeiro dos convenios asinados coas entidades que se indican na descrición das catro primeiras prazas e do concerto entre a Universidade de Vigo e o Sergas de 20 de decembro de 2001 e as súas prórrogas no caso da quinta, tal como se relacionan nas prazas do Anexo II desta convocatoria.

Este concurso rexerase polo disposto na Lei orgánica 2/2023, do 23 de marzo, do Sistema Universitario (en adiante LOSU), así como polo Decreto 266/2002, do 6 de setembro, da Xunta de Galicia sobre contratación de profesorado universitario, polos Estatutos da Universidade de Vigo, en tanto non se opoñan ao establecido na LOSU, e no resto de normativa aplicable; e desenvolverase de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Requisitos de participación.

Todos os requisitos deberán posuírse con referencia á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Os documentos acreditativos deberán estar actualizados ao devandito prazo, e de estar redactados en idiomas distintos do galego ou do castelán, deberán presentarse acompañados de tradución por intérprete xurado.

Para resultar admitidas, as persoas candidatas deberán reunir os requisitos que con carácter xeral establecen os artigos 56 e 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Non obstante o anterior, serán requisitos adicionais:

- a) Estar en posesión do título de indicado na descrición da praza no anexo II:
 - a. nas catro primeiras prazas, **diplomado/a ou graduado/a en Fisioterapia**;
 - b. na quinta, **licenciado/a ou graduado/a en Medicina**.
- b) Estar prestando servizos na entidade á que se refire cada unha das prazas convocadas, na especialidade e, de ser o caso, área asistencial indicadas no anexo II.

Segunda. Dereitos de exame.

1. Os dereitos de exame para cada praza (CS2601 FIS) serán de **44,17 euros**. O pagamento deberase levar a cabo no prazo de presentación de instancias ao que fai referencia a base 3. **A falta de pagamento dos dereitos de exame en prazo non é reparable e determinará a exclusión definitiva** do concurso de quen sexa aspirante, agás que acredite o pago ou a exención da citada taxa.

2. A liquidación de taxas realizarase a través da aplicación de inscrición, **podendo aboarse o importe correspondente ben en efectivo ou con tarxeta**.



En efectivo poderase facer unicamente nalguna das entidades bancarias colaboradoras coa Universidade de Vigo: Abanca, Banco Santander ou CaixaBank. Non será admisible o pagamento realizado a través de calquera outra entidade distinta das enumeradas.

Con tarxeta realizarase a través da aplicación informática de inscrición, que permitirá seleccionar esta opción, sendo preciso seguir con atención o proceso ata a súa finalización, comprobando que o pago foi feito correctamente.

3. Segundo o disposto no artigo 23 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% e os membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. Aplicarase unha bonificación do 50% na taxa de inscrición aos membros de familias numerosas de categoría xeral. Nos tres supostos será necesario que coa solicitude presenten as respectivas **certificacións que o acrediten**.

Así mesmo, terán unha bonificación do 50% da taxa as persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data de publicación da presente convocatoria e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego. **As dúas condicións** deberán ser **certificadas pola oficina dos servizos públicos de emprego**.

4. De conformidade co disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos procederá a devolución das taxas de participación cando non se realice o feito imponible por causas non imputables ao suxeito pasivo, debendo a persoa interesada solicitar a devolución e achegar os datos necesarios para a transferencia bancaria correspondente. Polo tanto, non procederá a devolución nos supostos de exclusión definitiva por causa imputable a persoa interesada.

Terceira. Prazo e proceso de presentación de instancias e de documentación

1. O prazo de presentación de solicitudes de participación é de **dez (10) días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia**. Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

2. Para solicitar a participación neste concurso, as persoas interesadas deberán cubrir previamente, para cada praza/referencia, e en todo caso durante o prazo indicado na base 3.1, o formulario que se establecese especificamente e que estará dispoñible a través dos enlaces indicados no apartado "Observacións" da información electrónica desta convocatoria (accesible na web <http://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index> filtrando por Tipo: "Concursos de profesorado" e empregando como palabra clave a referencia CS2601 F1S). Esta mesma aplicación permitirá levar a cabo a liquidación dos dereitos de exame á que se fai referencia na base segunda.

3. A solicitude xerada a través da inscrición anterior deberá ser presentada, en todo caso durante o prazo indicado na base 3.1, na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>), mediante o procedemento específico SPDI – Concursos públicos para a contratación de profesorado asociado en ciencias da saúde. Curso 2026-2027. De conformidade co disposto no artigo 16.8 da LPACAP, carecerá de validez e eficacia a presentación de solicitudes e a realización de calquera acto efectuado a través de medios distintos ao indicado no punto anterior.

Xunto coa solicitude xerada na fase de inscrición achegaranse na sede en **formato PDF** os seguintes documentos (o tamaño máximo de todo o conxunto de documentos é de 35 MB):

a) Copia simple do documento acreditativo da **identidade** (DNI, NIE, pasaporte...).



- b) Copia simple¹ do **título académico que corresponda**, ou da certificación de expedición do título, ou, de ser o caso, da credencial de homologación.
- c) **Certificación expedida pola dirección da entidade** que figura no perfil de cada praza no anexo II que acredite que a persoa interesada presta servizos na mesma, facendo constar a especialidade e a área asistencial
- d) **Exención de taxas:** Xustificante, no seu caso, da exención parcial ou total de taxas.
- e) **Curriculo vitae normalizado completo**, de acordo co modelo da FECYT, accesible dende o portal <https://cvn.fecyt.es/editor/#HOME>. Non serán valorados méritos que non estean incluídos no CVN-FECYT ou ben non se xustifiquen documentalmente. **O arquivo, en formato PDF deberá nomearse como Currículo_DNI_CodPraza.pdf.**
- f) **Méritos**, que será o conxunto de documentos e publicacións que acrediten todos os méritos alegados. Todos estes documentos deberán achegarse **nun único* arquivo que se xerará segundo o establecido no anexo V. O arquivo (en formato PDF) deberá nomearse como Xustifica_DNI_CodPraza.pdf.**

* Excepcionalmente, por causas unicamente debidas ao tamaño dun documento único, poderanse achegar en varios arquivos, en cuxo caso se engadirán ao nome os números que establezan a súa orde.

A non presentación dalgún dos documentos indicados nas letras a) a e) será causa de exclusión. A non presentación dos documentos indicados na letra f) non será causa de exclusión pero impedirá a valoración dos méritos aos que se refiran.

Todos os méritos alegados deberán posuírse con referencia á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Así mesmo, **toda a documentación acreditativa dos méritos** [CVN-FECYT e documentación xustificativa de méritos] **deberá achegarse dentro do prazo de presentación de solicitudes. Non se admitirá ningunha documentación adicional rematado dito prazo.**

Cuarta. Relación de persoas admitidas e excluídas.

1. No prazo máximo de 15 días hábiles dende o remate do prazo de presentación de solicitudes publicarase nos lugares indicados na base 9.1, a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación dos motivos de exclusión. Quen presentase a súa candidatura disporá dun prazo de **cinco días hábiles para a subsanación das causas de exclusión indicadas**, a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>), empregando o procedemento SXER - Instancia xenérica, dirixida ao servizo de Persoal Docente e Investigador e con indicación da referencia da praza.

No suposto de que todas as persoas candidatas a unha mesma praza resulten admitidas nesta fase, as Comisións Específicas de Áreas poderán iniciar a valoración dos méritos de acordo coa base quinta.

2. Posteriormente ditarase unha resolución reitoral aprobando a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas. As reclamacións presentadas contra a publicación da relación provisional de persoas admitidas e excluídas entenderanse resoltas coa publicación da listaxe definitiva.

¹ Poderá ser substituída polo certificado que se pode obter dende <https://carpetaciudadana.gob.es/>



Quinta. Valoración dos méritos.

1. Os méritos serán valorados pola Comisión Específica de Área (CEA) designada polo respectivo consello de departamento, segundo se relaciona para cada praza no anexo IV, composta por tres membros. A CEA someterase na súa actuación ao previsto na Lei 39/2015 e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

2. Formará parte das comisións de selección unha persoa representante do persoal traballador, con voz e sen voto, se así o solicita a propia representación sindical ou a comisión, sempre e cando este requirimento se faga antes da constitución da mesma. No caso de que algunha das persoas candidatas considere necesaria a presenza dun representante sindical, poderá requirila en calquera momento ao longo do desenvolvemento da praza.

3. A Comisión poderá actuar coa participación, cando menos, de dous membros (con voz e voto), requiríndose sempre a presenza da persoa que a presida e de quen ocupe a secretaría ou, de ser o caso, das persoas que as substitúan. En caso de ausencia de quen exerza a presidencia será substituída polo/a membro da comisión de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde.

4. O baremo para a cualificación de méritos será o establecido no anexo I.

5. Os criterios de valoración de méritos, que poderán matizar ou cuantificar o baremo con maior detalle, son os que figuran no anexo IV. De existir calquera incompatibilidade entre os criterios de valoración da CEA e o baremo do anexo I, ou se os criterios non foron establecidos, prevalecerá o baremo sobre os criterios. En todo caso, a CEA estará obrigada a establecer en detalle os criterios específicos que se utilizarán para valorar a experiencia profesional.

6. Recibida a documentación das persoas aspirantes admitidas, a CEA disporá dun prazo de dez días hábiles para avaliar os méritos. A CEA valorará exclusivamente os **méritos alegados** no CVN-FECYT e **xustificados** do xeito que establece a base 3. Non se valorarán os méritos que non figuren no CVN-FECYT ou non se xustifiquen documentalmente.

7. Unha vez avaliados os méritos, a CEA disporá de dez días hábiles para facer as entrevistas e propoñer a adxudicación da praza. A entrevista persoal poderá levarse a cabo de xeito virtual ou presencial e terá como principal obxectivo que a persoa candidata relacione os méritos presentados no currículo coas materias obxecto de concurso. A súa duración non poderá exceder dos 30 minutos, e nela a persoa candidata explicará cal é a achega da súa experiencia ás materias obxecto do concurso e como trasladará a citada experiencia á aula. A data da entrevista será fixada pola CEA tendo en conta as limitacións horarias das persoas candidatas e desenvolverase en sesión pública para o conxunto de persoas candidatas.

8. A comisión adoptará os seus acordos por maioría de membros presentes e no caso de empate decidirá o voto de quen exerza a presidencia.

Avaliados os méritos das persoas candidatas e realizadas as entrevistas, a comisión adoptará un acordo que constará de:

- a) Puntuacións detalladas de todas as persoas candidatas en cada un dos apartados e subapartados do baremo.
- b) Relación de todas as persoas candidatas ordenadas pola puntuación total.
- c) Proposta de provisión da praza por orde de prelación, indicando as persoas que se consideran idóneas para seren contratadas.

A comisión poderá acordar a non provisión da praza motivando esta decisión.



9. A expresión da **puntuación total** e mailo seu **desglose** para cada apartado servirán de motivación á proposta de adxudicación. Esta proposta, xunto coa documentación de cada concursante, enviarase ao servizo de Persoal Docente e Investigador.

10. As persoas candidatas que figuren na proposta de provisión e non sexan as inicialmente seleccionadas poderán ser chamadas **durante o curso académico** vixente no caso de que as anteriores non cheguen a asinar o contrato ou renuncien durante o curso.

11. De se produciren demoras inxustificadas na tramitación do concurso dunha praza imputables á CEA das que se poidan derivar non só responsabilidades por deficiente funcionamento, senón tamén claros prexuízos para a docencia e a atención ao alumnado, así apreciados pola Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado, esta poderá solicitar do Reitor a designación dunha comisión de persoas expertas que relevará das súas actuacións á CEA e acordará unha nova proposta de adxudicación.

Sexta. Resolución do concurso.

1. A vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica resolverá o concurso mediante os acordos de adxudicación das prazas que se publicarán nos lugares previstos na base 9.1.

2. O servizo de Persoal Docente e Investigador convocará á persoa candidata segundo a orde de prelación para que achegue copia electrónica auténtica daqueles documentos que avalen o cumprimento dos requisitos esixidos nesta convocatoria, así como a documentación necesaria para formalizar o contrato, e leve a cabo calquera outra actuación precisa para o mesmo fin.

De non levar a cabo esas xestións no prazo indicado polo Servizo sen mediar causa suficiente así apreciada pola vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica, considerarase que renuncia ao contrato, convocándose á seguinte persoa na orde de prelación que figure na proposta. A sinatura do contrato ten carácter persoal e intransferible.

Sétima. Reclamacións.

1. Contra os acordos de adxudicación, as persoas candidatas admitidas **poderán interpoñer reclamación** ante a Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado no prazo de **cinco (5) días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>), empregando o procedemento SXER - Instancia xenérica, dirixida ao servizo de Persoal Docente e Investigador e con indicación da referencia da praza.

En calquera caso, as persoas interesadas poderán acceder con carácter previo ao expediente de conformidade cos artigos 13 e 53 da Lei 39/2015 e cos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Recibidas e publicadas todas as propostas de adxudicación das comisións específicas de área e rematado o prazo para a presentación de reclamacións, publicarase o anuncio de prazas reclamadas.

2. Estas reclamacións non terán efecto suspensivo, polo que malia presentarse algunha, e en tanto non se resolva, poderase contratar á persoa candidata proposta, se ben incluíndo no contrato unha **cláusula extintiva** condicionada á resolución da reclamación.

Resolta definitivamente a reclamación, de confirmarse a candidatura proposta, o contrato continuará a súa vixencia; en caso contrario, procederase á súa rescisión con efectos do día an-

Páxina 5 de 7



terior á data de incorporación da nova persoa proposta, sen que, neste caso, o novo contrato poida ter efectos anteriores á data da súa sinatura.

3. O acordo da Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado será vinculante para o reitor, que ditará a correspondente resolución, esgotando a vía administrativa e que será notificada ás persoas que reclamasen.

Oitava. Contratación e obrigas.

1. O contrato será de natureza laboral e a tempo parcial cunha duración que en ningún caso será superior ao curso académico, sen prexuízo da súa renovación. Os contratos que se formalicen en virtude desta convocatoria terán as remuneracións que se sinalan no II Convenio colectivo do PDI.

2. A prestación de servizos, e polo tanto a reivindicación das retribucións asignadas ao posto obtido, se iniciará na data en que se asinen os contratos, agás que neles se dispoña outra cousa, sen que en ningún caso poidan ter efectos retroactivos.

3. O período de proba será de seis meses e considerárase que se supera sempre que non conste obxección contraria dentro dese prazo.

4. Consonte o previsto no Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, os contratos estarán suxeitos á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e disposicións que a desenvolven.

5. Será causa obxectiva de extinción do contrato a perda sobrevida de calquera dos requisitos específicos ou xerais, en especial a perda da vinculación contractual ou profesional coa entidade á que se refire a praza convocada.

Novena. Norma derradeira.

1. A publicación dos actos que integran este procedemento no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto no artigo 45.1 da Lei 39/2015.

Con independencia dos lugares nos que regulamentariamente deban publicarse, tanto a convocatoria como os actos e acordos que integran este proceso selectivo se publicarán a título divulgativo na páxina electrónica da Universidade de Vigo, no seguinte enderezo <http://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>.

2. A convocatoria, as súas bases e cantos actos se deriven da mesma e das actuacións das comisións poderán ser impugnadas polas persoas interesadas no prazo e na forma establecidos pola Lei 39/2015.

A interposición de calquera recurso non suspenderá a execución do acto impugnado. Non obstante, o órgano ao que competa resolver, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese xeral ou a terceiras persoas a suspensión e o prexuízo que causa ao recorrente a eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a pedido deste, a súa execución consonte ao legalmente establecido.

3. As persoas participantes están obrigadas a facilitar aqueles datos e información que a Administración esixa para a tramitación e instrución deste procedemento e, en caso de non o facer, excluírase do proceso selectivo.



De conformidade co artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección de persoas físicas con respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e de garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais que figuren nos ditos documentos serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, co propósito de xestionar a tramitación deste concurso, ao abeiro da LPACAP, a LOSU e os Estatutos da Universidade de Vigo.

De conformidade co disposto no artigo 45 da LPACAP, a Universidade de Vigo está lexitimada para a publicación daqueles datos persoais que fosen precisos atendendo á natureza e finalidade do acto que sexa obxecto de publicación. Non obstante, e co fin de previr riscos da publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, a persoa afectada comunicarlle esta circunstancia coa maior celeridade á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo (986 813419 e igualdade@uvigo.es).

As persoas participantes teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento, así como a opoñerse a este tratamento e a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderanse exercer a través de calquera dos medios e vías previstos na súa política de protección de datos (dispoñible en <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>), incluído o envío á súa persoa delegada de protección de datos a través do correo electrónico dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015.

LA RECTORA,
P.D. (R.R. de 2 de julio de 2026, DOG del 8)
La vicerrectora de Personal Docente e Investigador
(firmado digitalmente)

